

5.2. investigación e desenvolvemento tecnolóxico

A análise da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico está dividida en tres grandes apartados. No primeiro deles faise referencia ós datos do exercicio 2000 correspondentes ó Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico 1999-2001. Neste ano, a contía distribuída e pagada das axudas acendeu a 4.307,25 millóns de pesetas. Posteriormente, estúdanse os gastos internos en I+D e o estímulo comunitario. No ano 1999 investiuse en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico o 0,54% do PIB, o que supón o 3,3% dos gastos totais do estado neste ámbito. A meirande parte deste investimento, un 50,7%, corresponde ás institucións de ensino superior, seguidas das empresas e da Administración co 30,4% e 18,9%, respectivamente.

O peso relativo do gasto en I+DT nas empresas galegas no total español foi do 1,9% en 1999, fronte ó 2% do ano 1998. No caso das uni-

versidades, este pasa do 5,2% ó 5,6% do ano 1999, en tanto que no caso da administración, estas porcentaxes descenden dende o 3,8% ata o 3,7% de 1999. Isto aconsellaría dotar de estímulos ás empresas para implicarse en maior medida na súa aposta pola competitividade futura.

Para a realización deste capítulo teranse en conta os datos facilitados polo INE (*Estadísticas sobre las actividades de investigación científica y desarrollo tecnológico*), a Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento e o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI).

Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico (1999-2001)

Na convocatoria do ano 2000 a contía das axudas ascendeu a 4.307,3 millóns de pesetas, un 5,5% máis que no exercicio precedente (4.082,1 millóns).

Atendendo á execución dos diferentes programas do Plan, o **cadro C.5.10.** (*Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento por tipo de axuda. Convocatoria do ano 2000*) amosa como os Programas xerais acadan 65% dos fondos distribuídos (2.797,7 millóns de pesetas), polo que se constitúen como o programa de maior envergadura do exercicio. Isto é debido, fundamentalmente, á importancia que teñen aínda no sistema as medidas de tipo xeral e non especializadas.

Os programas tecnolóxicos sectoriais representan o 11% dos fondos (473,6 millóns de pesetas), en tanto que os programas tecnolóxicos horizontais acadan o 24% dos fondos (1.035,9 millóns de pesetas).

O devandito **cadro C.5.10.** reflicte que as axudas que acaparan a maior porcentaxe de fondos son as correspondentes ós grupos de investigación para a realización de proxectos de investigación (1.460,3 millóns de pesetas) e as de empresas para a realización de proxectos de I+D empresarial (1.143,1 millóns). En conxunto, estes dous tipos de axudas acaparan o 60,4% da contía total das axudas da convocatoria do ano 2000.

O gasto total interno en I+D

A I+D é un dos elementos que definen ou contribúen ó proceso de innovación. O esforzo tecnolóxico dunha comunidade estúdase analizando o volume e a evolución das actividades de I+D realizadas, así como os recursos humanos dedicados a elas.

Atendendo ós datos do INE, os gastos internos totais dedicados a I+D en Galicia aumentaron un 8% no ano 1999 para acadalos 27.469,1 millóns de pesetas. Comparado co gasto total no conxunto do estado, no ano 1999 aumenta a importancia relativa do investimento galego, pasando do 3,2% de 1998 ós 3,3% de 1999.

Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia segue ocupando o sétimo lugar

segundo o investimento en I+D por detrás da comunidade de Madrid, Cataluña, Andalucía, País Vasco, Valencia e Castela e León.

En relación á porcentaxe dos gastos en I+D respecto ó valor da produción medida en termos do PIB a prezos de mercado, o **cadro C.5.11.** (*Gastos en I+D con respecto ó PIB nas CC.AA. 1998-99*) reflicte que en 1999 Galicia está por debaixo da media estatal (0,89%) ó investi-lo 0,54% do seu PIB. Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia é a décimo segunda comunidade con menor ratio investimentos I+D / PIB, superando tan só a Canarias (0,48%), A Rioxa (0,48%), Extremadura (0,41%), Baleares (0,25%) e Castela-A Mancha (0,20%).

Respecto ó reparto dos gastos totais internos entre os distintos axentes que o realizan –empresas, ensino superior, administración pública e institucións privadas sen fins de lucro–, o **cadro C.5.12.** (*Gastos internos totais en I+D nas CC.AA. 1998-99: distribución segundo responsable do gasto*) amosa que son as universidades os principais executores destas actividades, con gran diferenza respecto á empresa e á administración pública. O peso relativo do gasto universitario no total galego aumenta respecto ó ano anterior, pasando do 49,1% ós 50,7% do ano 1999, mentres que no caso das empresas e a administración, a súa importancia relativa diminúe, dende ó 31,7% ata o 30,4% no caso das empresas e dende o 19,1% ata o 18,9% no caso das administracións.

A diferenza do que acontece en Galicia, no conxunto do estado son as empresas as que realizan o maior gasto interno en materia de I+D, co 52% do gasto total interno no ano 1999, seguida das universidades, co 30,1% e das administracións públicas, co 16,9%.

En relación ós resultados obtidos da actividade de I+D, o número de patentes solicitadas en Galicia no período 1996-99 ascendeu a 366 solicitudes, das que un total de 147 (o 40,2% do total das solicitudes) prodúcense na provincia de A Coruña e 140 (38,3%) na provincia de Ponte-

CADRO 5.2.1.

Personal empregado en actividades de I+D nas CC.AA. 1999

	Total		Administración		Empresa		Inst. de Ensino Superior		IPSFL(1)	
	Total persoal	Investigadores	Total persoal	Investigadores	Total persoal	Investigadores	Total persoal	Investigadores	Total persoal	Investigadores
Andalucía	12.002,3	8.660,3	2.758,4	1.492,8	1.896,3	575,8	7.311,3	6.582,7	34,3	9,0
Aragón	2.552,5	1.637,5	711,3	419,0	885,9	338,6	955,2	879,8	0,1	0,1
Asturias	1.555,6	1.071,5	365,0	156,1	354,5	156,9	835,7	758,1	0,4	0,4
Baleares	549,6	394,3	139,5	90,6	48,2	16,8	357,5	284,5	4,4	2,4
Canarias	2.483,8	1.785,3	579,9	317,0	282,7	124,1	1.608,8	1.340,8	12,4	3,4
Cantabria	720,3	472,4	115,0	74,2	240,4	65,3	354,9	323,7	10,0	9,2
Castela e León	4.961,6	3.408,7	544,7	339,0	1.146,1	412,3	3.203,6	2.620,7	67,2	36,7
Castela-A Mancha	1.506,5	773,2	227,9	107,8	388,0	122,8	890,3	542,3	0,3	0,3
Cataluña	21.896,2	11.844,3	2.660,0	1.661,0	11.587,5	4.305,2	7.346,9	5.720,6	301,8	157,5
C. Valenciana	7.049,1	4.070,3	989,8	557,2	2.312,9	770,5	3.594,7	2.637,9	151,7	104,7
Extremadura	1.079,6	773,5	224,0	84,5	105,1	33,4	746,6	654,6	3,9	1,0
Galicia	4.535,0	3.303,7	895,8	482,5	879,7	282,4	2.759,1	2.578,4	0,4	0,4
Madrid	30.032,4	16.812,2	11.301,1	5.709,7	11.595,4	5.347,4	6.756,8	5.491,8	379,1	263,3
Murcia	1.731,2	1.066,0	423,5	217,4	499,3	171,3	808,4	677,3	-	-
Navarra	2.135,8	1.423,1	43,8	42,2	931,2	316,1	1.160,8	1.064,8	-	-
País Vasco	6.996,5	3.789,6	234,0	163,9	5.009,8	2.120,5	1.713,5	1.478,0	39,2	27,2
A Ríoxa	449,7	281,9	69,6	39,7	158,1	38,6	222,0	203,6	-	-
Total	102.237,7	61.567,8	22.283,3	11.934,6	38.323,1	15.178,0	40.626,1	33.839,6	1.005,2	615,6
G/E (%)	4,4	5,4	4,0	3,9	2,3	1,7	6,8	7,6	0,0	0,1

(1) IPSFL = Institucións privadas sen fins de lucro

Fonte: INE. Estadística sobre las actividades en Investigación Científica y Desarrollo Tecnológico

CADRO 5.2.2.

Presuposto de gastos da Xunta de Galicia en investigación científico-técnica e aplicada 1999-00

	1999	2000
	(en miles de pesetas)	
432A Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico	7.797.910	7.427.809
Presidencia	3.357.414	3.936.691
Industria	887.500	1.254.500
Agricultura	965.674	908.022
Pesca	533.708	659.012
Medio Ambiente	285.114	422.351
Cultura	1.768.500	247.233

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 5.2.3.

Proxectos aprobados polo CDTI nas Comunidades Autónomas 2000

	Nº Proyectos	Aportación CDTI	Presupuesto total
	(en millóns de ptas.)		
Andalucía	16	1.308,8	2.779,7
Aragón	18	1.890,1	4.221,2
Asturias	11	1.042,6	2.643,1
Canarias	2	125,7	251,4
Cantabria	2	46,7	148,9
Castela-A Mancha	10	884,7	2.285,7
Castela e León	18	1.544,4	4.149,1
Cataluña	95	8.360,1	17.243,9
Comunidade Valenciana	45	4.025,4	9.663,3
Estremadura	3	224,5	684,8
Galicia	6	1.090,5	2.471,7
A Ríoxa	15	1.050,4	2.391,3
Madrid	53	4.441,5	9.338,4
Murcia	10	748,0	2.316,6
Navarra	32	1.715,3	5.817,9
País Vasco	34	2.979,3	6.740,7
Total	370	31.478,0	73.147,7

Fonte: CDTI

vedra. A provincia de Ourense acolle un total de 53 (14,5%) solicitudes en tanto que Lugo acolle 26 (7,1%).

No ano 2000, o número de patentes solicitadas por residentes en Galicia ascendeu a 97, o que representa o 3,1% do total de patentes solicitadas no conxunto do estado (3.111 patentes).

No concernte ó persoal empregado, as actividades relacionadas co I+D acollían no ano 1999 un total de 4.535 traballadores, o que significa o 4,4% do total de traballadores en I+D en España nesa data, segundo se desprende dos datos recollidos no **cadro 5.2.1**. Do total de traballadores empregados en Galicia nas actividades de I+D, o 72,8% (3.304 traballadores) eran investigadores (representan o 5,4% do total de investigadores que hai en España). Atendendo ós distintos organismos que realizan actividades

de I+D, as institucións de ensino superior acollen un 60,8% do persoal empregado, mentres que un 19,8% traballa para a administración pública e un 19,4% o fai para empresas.

O deseño, planificación e financiamento da innovación e a investigación nos sectores productivos, favorecido pola Administración autonómica galega, atópase distribuído entre seis consellerías: Presidencia e Administración Pública; Industria e Comercio; Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria; Pesca, Marisqueo e Acuicultura; Cultura; e, finalmente, Medio Ambiente. Esta actuación en materia de I+DT complétase coas actuacións do Igape neste ámbito.

O **cadro 5.2.2**. reflicte que o investimento das seis consellerías en investigación científico-técnica e aplicada ascendeu no ano 2000 ós

7.427,8 millóns de pesetas, fronte ós 7.797,9 millóns do ano anterior, o que implica un descenso do 4,7%.

Estímulo comunitario

Xunto ó financiamento do Plan galego existen fondos provenientes doutras fontes, como o Plan estatal, a UE, outras institucións públicas ou privadas e empresas.

O Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI) elaborou un programa de actuacións, que estarían financiadas en parte mediante fondos comunitarios do FEDER. O **cadro 5.2.3.** reflicte que dos 370 proxectos aprobados en españa, 6 corresponden a proxectos en Galicia, o que representa o 1,6% do conxunto do estado.

O presuposto total destes proxectos en Galicia foi de 2.471,7 millóns de pesetas, dos que o CDTI aportou 1.090,5 millóns de pesetas. Comparado co total estatal, Galicia acolleu o 3,4% do presuposto total, e a contribución do CDTI en Galicia significou o 3,5% da contribución total en España. ■

